



EXPEDIENTE: 2025/T017/000001

CONTA XERAL EXERCICIO 2024

MEMORIA DEMOSTRATIVA DO GRADO NO QUE SE CUMPRIRON OS OBXECTIVOS PROGRAMADOS

O artigo 201 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, dispón que os municipios de máis de 50.000 habitantes e as demais entidades locais de ámbito superior acompañarán á conta xeral:

- a) Unha memoria xustificativa do custe e rendemento dos servizos
- b) Unha memoria xustificativa do grao en que se cumpriron os obxectivos programados, con indicación dos previstos e alcanzados, co seu custe.

Así pois, trala consulta formulada pola Deputación Provincial da Coruña como ente de adscrición do Consorcio, á IGAE, levase a cabo a contabilidade analítica durante o exercicio, do que resultan os indicadores recollidos nos apartados 26 e 27 da Memoria incluída na Conta Xeral para este exercicio. Asemade, elabórase, a partir da devandita contabilidade analítica, a requirida memoria xustificativa do custe e rendemento dos servizos.

No orzamento do Consorcio para o exercicio 2024 preséntase con arranxo á Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, que clasifica os gastos por programas, con arranxo á finalidade e obxectivos que con eles se propoñan conseguir. Ilo permite, na rendición da conta xeral de este exercicio, determinar o custe dos programas aprobados, tal e como aparece no listado anexo I. Non obstante, ao non terse establecido obxectivos específicos de ditos programas, non é posible avaliar os previstos e alcanzados.

A falta, pois, dos mesmos, o grado de cumprimento do orzamento -como instrumento económico agregado das finalidades que ao longo do ano pretenden cumprirse- xa foi obxecto de análise na liquidación do orzamento de 2024, polo que a medida do cumprimento dos obxectivos -referida aos expresados a través dos ingresos e gastos orzamentados- aparece cuantificada nos estados de liquidación das aplicacións e conceptos do orzamento.



EXPEDIENTE: 2025/T017/000001

ANEXO

(2024)

Pág.

1

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DEL PRESUPUESTO DE GASTOS: RESUMEN POR CLASIFICACIÓN PROGRAMA

Área de Gasto : 1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS.

POLÍTICA	GRUPO PROG. SUBPROGRAMA	CRÉDITOS PRESUPUESTARIOS			GASTOS COMPROMET.	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	PAGOS	OBLIGACIONES PENDIENTES DE PAGO A 31 DE DICIEMBRE	REMANENTES DE CRÉDITO
		INICIALES	MODIFICACIONES	DEFINITIVAS					
13	SEGURIDAD Y MOVILIDAD CIUDADANA.								
	136 SERVICIO DE PREVENCIÓN Y EXTINCIÓN DE INCENDIOS								
	136 SERVICIO DE PREVENCIÓN Y EXTINCIÓN DE INCENDIOS	9.798.663,32	11.149.204,41	20.947.867,73	9.304.365,35	8.294.911,11	8.137.673,21	157.037,90	12.652.956,62
	Total Gr. Progra. ...	9.798.663,32	11.149.204,41	20.947.867,73	9.304.365,35	8.294.911,11	8.137.673,21	157.037,90	12.652.956,62
	Total Política	9.798.663,32	11.149.204,41	20.947.867,73	9.304.365,35	8.294.911,11	8.137.673,21	157.037,90	12.652.956,62
	Total Área de Gasto	9.798.663,32	11.149.204,41	20.947.867,73	9.304.365,35	8.294.911,11	8.137.673,21	157.037,90	12.652.956,62



CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA
Polígono Industrial Bertoa, Parcela G 2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)

CIF: V15859481 - RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 - Fax: 981. 700. 024

EXPEDIENTE: 2025/T017/000001



EXPEDIENTE: 2025/T017/000001

(2024)

Pág.

2

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DEL PRESUPUESTO DE GASTOS: RESUMEN POR CLASIFICACIÓN PROGRAMA

Área de Gasto : 9 ACTUACIONES DE CARÁCTER GENERAL.

POLÍTICA	GRUPO PROG. SUBPROGRAMA	CRÉDITOS PRESUPUESTARIOS			GASTOS COMPROMET.	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	PAGOS	OBLIGACIONES PENDIENTES DE PAGO A 31 DE DICIEMBRE	REMANENTES DE CRÉDITO
		INICIALES	MODIFICACIONES	DEFINITIVAS					
91	ÓRGANOS DE GOBIERNO.								
	912 ÓRGANOS DE GOBIERNO.								
	912 ÓRGANOS DE GOBIERNO.	10.500,00		10.500,00	6.868,50	6.868,50	6.868,50	3.631,50	
	Total Gr. Progra. . .	10.500,00		10.500,00	6.868,50	6.868,50	6.868,50	3.631,50	
	Total Política	10.500,00		10.500,00	6.868,50	6.868,50	6.868,50	3.631,50	
92	SERVICIOS DE CARÁCTER GENERAL.								
	920 ADMINISTRACIÓN GENERAL .								
	920 ADMINISTRACIÓN GENERAL .	1.135.446,75	29.450,09	1.164.896,84	625.607,79	602.708,90	596.296,48	562.187,94	
	Total Gr. Progra. . .	1.135.446,75	29.450,09	1.164.896,84	625.607,79	602.708,90	596.296,48	562.187,94	
	922 COORDINACIÓN Y ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL DE ENTID. LOCALES								
	922 COORDINACIÓN Y ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL DE ENTID. LOCALES	9.000,00		9.000,00	6.500,00	6.500,00	6.500,00	2.500,00	
	Total Gr. Progra. . .	9.000,00		9.000,00	6.500,00	6.500,00	6.500,00	2.500,00	
	Total Política	1.144.446,75	29.450,09	1.173.896,84	632.107,79	609.208,90	596.296,48	564.687,94	
93	ADMINISTRACIÓN FINANCIERA Y TRIBUTARIA.								
	932 GESTIÓN DEL SISTEMA TRIBUTARIO.								
	932 GESTIÓN DEL SISTEMA TRIBUTARIO.	15.200,00		15.200,00	38.677,12	38.677,12	38.677,12	-23.477,12	
	Total Gr. Progra. . .	15.200,00		15.200,00	38.677,12	38.677,12	38.677,12	-23.477,12	
	Total Política	15.200,00		15.200,00	38.677,12	38.677,12	38.677,12	-23.477,12	
	Total Área de Gasto	1.170.146,75	29.450,09	1.199.596,84	677.653,41	654.754,52	634.973,60	544.842,32	
	Total	10.968.810,07	11.178.654,50	22.147.464,57	9.982.018,76	8.949.665,63	8.772.846,81	13.197.798,94	



EXPEDIENTE: 2025/T017/000001

VALORACIÓN:

De acordo co artigo 5º dos Estatutos do Consorcio, constitúe o obxecto do consorcio a prestación, por calquera das modalidades previstas na lexislación aplicable, do servizo contra incendios e salvamento.

Entre os fins do consorcio estará a colaboración cos servizos municipais de protección civil dos concellos para o salvamento de persoas e bens, a prevención e extinción de incendios, a prevención e actuación ante calquera tipo de sinistro ou situación de risco e o asesoramento e asistencia, formación e información en materia de seguridade, que afecten a persoas, edificacións e instalacións.

Estes fins lévanse a cabo a través dos seguintes programas de actuación:

1.- Programa 136.- Servizo de prevención e extinción de incendios.

Programa	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	% execución (CI) ¹	% execución (CT) ²
136	9.798.663,32	11.149.204,41	20.947.867,73	8.294.911,11	84,65%	39,60%

¹ sobre créditos iniciais

² sobre o total orzamentado

Este programa recolle a finalidade principal do obxecto do Consorcio. Respecto aos créditos iniciais a porcentaxe de execución (84,65%) é significativamente inferior á do exercicio anterior.

A execución do Capítulo 1 incrementase lixeiramente principalmente pola subida das retribucións por aplicación da normativa legal.

A execución de gastos dos Capítulos 2, 3 e 6 mantéñense en termos similares á do exercicio anterior.

Non obstante, respecto ao Capítulo 4, onde se reflicte a achega que por parte do Consorcio lle corresponde, ao abeiro do Convenio de cooperación en materia de emerxencias asinado co Concello de Ferrol, durante o exercicio 2023, recoñecéronse obrigas polas contías correspondentes ás anualidades de 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022; mentres que no exercicio 2024 so se recoñeceron obrigas pola anualidade pendente de 2023. De aquí deriva a diferenza de execución respecto da do exercicio 2023, en relación cos créditos iniciais.

Finalmente, o capítulo 6, foi obxecto de modificación, por un importe de mais de 7,5 millóns de euros destinados a servizos, subministros e diversas obras de mellora dos Parques de Bombeiros dos que se tramitaron varios contratos, pero non foron adxudicados durante o exercicio 2024. Isto deriva en que a execución respecto do créditos definitivos sexa moi baixa.

2.- Programa 912.- Órganos de goberno.



EXPEDIENTE: 2025/T017/000001

Programa	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	% execución (CI) ¹	% execución (CT) ²
912	10.500,00	0,00	10.500,00	6.868,50	53,00%	53,00%

¹ sobre créditos iniciais

² sobre o total orzamentado

Neste programa reflíctense principalmente as indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados do Consorcio, dos membros deste. Durante este exercicio recoñecéronse as correspondentes ás sesións do Pleno, Comisión especial de Contas e Consello consultivo realizadas no exercicio 2024.

3.- Programa 920.- Administración xeral.

Programa	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	% execución (CI) ¹	% execución (CT) ²
920	1.135.446,75	29.450,09	1.164.896,84	602.708,90	53,08%	51,74%

¹ sobre créditos iniciais

² sobre o total orzamentado

A execución neste programa corresponde ao funcionamento ordinario da administración xeral do Consorcio, que sufriu importantes cambios logo de que a 01.01.2020 se fixese efectivo o cambio de modelo de xestión do servizo, pasando a prestarse mediante xestión directa con medios propios; e tal e como se acordou polo Pleno do Consorcio en sesión de 13.09.2019. A porcentaxe de execución respecto dos créditos incrementase lixeiramente, tanto respecto aos créditos iniciais como aos créditos definitivos. Ao longo do ano nomeáronse varios funcionarios interinos por acumulación de tarefas, derivado principalmente do atraso na incorporación do novo persoal segundo os postos que se crearán na RPT que se está tramitando, e que se atopa pendente de resolución de alegacións e aprobación definitiva.

4.- Programa 922.- Coordinación e organización institucional de entidades locais.

Programa	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	% execución (CI) ¹	% execución (CT) ²
922	9.000,00	0,00	9.000,00	6.500,00	72,22%	72,22%

¹ sobre créditos iniciais

² sobre o total orzamentado

Con cargo a este programa sufragouse a cota de Conbé correspondente ao exercicio 2024 e parte do exercicio 2023, polo que a execución resulta superior á do exercicio anterior.



EXPEDIENTE: 2025/T017/000001

5.- Programa 932.- Xestión do sistema tributario

Programa	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	% execución (CI) ¹	% execución (CT) ²
932	15.200,00	0,00	15.200,00	38.677,12	254,45%	254,45%

¹ sobre créditos iniciais

² sobre o total orzamentado

Neste programa as obrigas recoñecidas sofren un alto incremento derivado do notable incremento da recadación, obxectivo do plan de acción aprobado e logo da contratación de persoal de reforzo por acumulación de tarefas, para esta finalidade.

Carballo, na data da sinatura dixital.-

O xerente,

Asdo.- José Luis Barca Añón.

Conforme,
O presidente,

Asdo._ Valentín González Formoso